

Publicado no Informe da Comunicación en Galicia, 1993 polo Consello da Cultura Galega

A HISTORIETA

Eduardo Galán Blanco

Eduardo Galán (Ferrol, 1957) comezou a publicar debuxos en "Ferrol Diario" en 1976, dende entón ten publicado historieta curta e banda deseñada en multitude de xornais, revistas e fanzines. Organizou a exposición "Cine e historieta" (Festival de Cine do Carballino, 1989) onde xuntaba as súas dúas grandes paixóns, o cine e a banda deseñada. O presente traballo escribiuno para o Informe da Comunicación en Galicia, 1993, editado polo Consello da Cultura Galega. Trátase dun informe do estado da historieta en Galicia cunha curta historia desde os anos setenta e un amplo glosario.

Para moitos, incluso para algúns pequenos estudiosos, a historia do cómic galego comeza nun punto de inflexión demasiado recente. Xaquín Marín coñece a Reimundo Patiño en Madrid, no ano 1971. A estampa popular galega e a pintura de vangarda, o amor por contar historias e o desexo de facer cousas novas coas raíces deron lugar ó nacemento da historieta galega.

Calquera pode imaxinarse que isto, bastante aceptado por moitos, non se axusta á realidade, aínda que teña abondo de romántico. Antes, bastante antes, dúcias de debuxantes galegos fixeron tiras e historietas, contaron historias cos seus debuxos ó longo e ancho deste mundo. Desde principios de século ata eses heroicos e popeiros anos setenta de Marín e Patiño. Desde Suramérica ata Bélxica, de Madrid ó xornais galegos.

O descoñecemento, a falta tremenda dun estudio serio é evidente. De ningunha maneira poderemos facer unha historia dos nosos narradores sen rastrexar tódolos xornais galegos, sen buscar nas revistas e periódicos españois. É dicir, sen tomar un pouco en serio a nosa arte de broma.

Porque unha lista superficial e de urxencia descobre polo menos vintecinco historietistas galegos destacables no primeiro medio século, sen que os seus nomes ocuparan nin unha liña do publicado sobre o tema.

Pois, ó contrario do cine, o teatro e outras artes de máis sona, a historieta, a máis humilde de todas, nunca necesitou das escolas, grupos e fortes montaxes. Debuxantes galegos contaron historias, debuxaron personaxes e naturezas alá onde tiveran unha pluma, tinta, papel e a posibilidade dalgunha edición, por bastarda que fose.

En calquera caso, e despois de sinala-lo absoluto descoñecemento no que os poucos historiadores acostuman refocilarse, tomarémo-los anos máis recentes, os últimos doce, para analiza-lo estado da historieta galega. Unha historia que, igual que a dos setenta ou oitenta anteriores, está feita de loitas e empeños persoais. Indiviudalidades aventureiras, exiliados interiores e exteriores que nunca coñeceron unha infraestrutura, unhas canles de publicación estables nestas terras.

Tal situación é a que segue a sufri-la historieta galega hoxe,

aínda que a «facilidade» de facer «fanzines», a moda das publicacións da X unta, e un lixeiro rexurdimento das tiras e da plancha única na prensa galega, crearon un enganoso espellismo, principalmente na primeira metade dos oitenta.

Mil novecentos oitenta e tres foi ano de moitas publicacións, pero agora, nos noventa xa, esa curva esforzadamente elevada caeu outra vez ó chan da gráfica. Pois aínda as editoriais de Galicia -Xerais, Galaxia, Sotelo Blanco- non teñen unha colección de historieta galega e conténtanse con traducións de álbumes franceses e belgas, ou de Mafalda, unha tradución ben triste, xa que Quino pérdeose case todo sen a súa voz arxentina.

As editoriais falan dos elevados custos de edición dunha historieta, sempre pensando erroneamente no álbum de luxo, as cores e a tapa dura, sen matinar na posibilidade do branco e negro, da primeira edición en cadernos, revistas ou xornais, ou da tirada bilingüe para sacalo álbum fóra de Galicia. Os propios responsables das editoriais remiten sen pudor ós debuxantes máis obstinados e os seus proxectos ás editoriais institucionais ou deputacións, caixas de aforro, etc. E conclúen que en Galicia, para unha editorial privada, aínda non é viable a publicación de historieta galega.

Hai dous anos, en dúas mesas redondas separadas por só uns meses, algúns debuxantes preguntábanse pola posibilidade dunha escola institucional de historieta. FP ou Belas Artes, ¿cursiños ou obradoiros estables? A resposta é a de sempre. A mellor escola do debuxante de historietas é publica las.

Sen dúbida o apoio institucional tería que pasar polas subvencións ás editoriais, ós xornais e ós seus suplementos e quizais tamén pola creación dunha revista de historietas editada baixo a mirada da Consellería e cunha mesa de redacción realmente aberta.

Estes proxectos ou parecidos estiveron a punto de se facer realidade nos anos 85, 87 e 89, produto de distintas conversas da administración con algúns debuxantes. O que se amosa bastante máis inútil é a subvención e publicación de álbumes que supoñen moitos millóns e pouca utilidade para fomentar a creación, formación e desenvolvemento dos novos debuxantes.

Outro problema, extrapolable ó resto do Estado, é o descoñecemento do que é e do que significa a historieta. A xente confúndea aínda co humor gráfico, a ilustración, e o produto só para nenos. Un recente estudio feito en Madrid conclúe contundentemente ó respecto.

Aínda caben nun só estante ben pequeno as historietas galegas editadas en Galicia, incluíndo xornais, «fanzines» e todo tipo de publicacións marxinais. Dúas mil tiras e mil cincocentas páxinas publicadas nunha ducia de anos é un balance ben po-

bre para a que está considerada a «década» do cómic galego. Ante a imposibilidade de vivir da historieta, da narración secuenciada de historias, os debuxantes galegos buscan traballo, moi mal pagado, nas ilustracións, no humor gráfico, no deseño, a publicidade e a pintura. En Galicia ninguén vive hoxe da historieta se exceptuámo-lo caso illado de Miguelanxo Prado. Recoñecendo de antemán inxustas omisións, rexeitando o papanatismo do éxito, xa que estamos a falar dunha arte e dun medio de expresión, non dunha industria. Fartos da crónica de urxencia, un tanto penosa, feita xa outras veces noutros medios, e mentres alguén non acometa un traballo, difícil e exhaustivo da historieta galega, apostaremos por algo parecido a un diccionario, un pequeno dietario explicativo dun traballo xordo. O traballo desprezado de moitos autores ricos nos seus tatexos, brillantes no seu esquecemento. E tamén de moitas revistas e «fanzines» feitos carne de lixo, de moitos debuxantes profesionais negados e ignorados. Esta pequena guía de cousas marxinais que segue é tamén unha homenaxe. O que escribe disfrutou cos seus debuxos e coas súas historias.

Algunhas datas significativas

Maio de 1979. Sae á rúa «Xofre», revista de historietas que sacará só un número. Editada en Santiago por Miguelanxo Prado, Fran Jaraba e Xan C. López Domínguez.

Novembro de 1980. Miguelanxo Prado e Tino F. Maceiras publican no xornal «La Voz de Galicia» 55 tiras diarias de «Os compañeiros» (A orde da pedra).

Xullo 1982. «El patito feo», revista marxinal de Ferrol, comeza a súa andaina dedicándolle moitas das súas páxinas á historieta.

Outubro 1982. «Coordenadas» publica o especial «Comix e Ilustración en Galicia» con traballos de trinta e dous debuxantes galegos.

Decembro 1982. «Fat city», outra revista marxinal de Ferrol, saca o seu primeiro número con historietas de Cubero.

Abril 1983. Pepe Carreiro e Antón Mascato editan en Vigo «Can sen dono», revista de humor mensual e distribución regular que prestou desde os seus inicios interese pola historieta.

Maio 1983. Un grupo de debuxantes de Carballo editan «A ameixa cacofónica», un «fanzine» integramente dedicado á historieta que chegará a ser revista.

Decembro 1983. 0 número I de «Valium Diez», revista de cómics, está nas rúas de Santiago.

Abril de 1984. Na Coruña, toda unha frivolidade. «Cómico», único número dunha revista de historietas a toda cor, excelente papel e tirada de 100 exemplares.

Outubro 1985. Fállanse os premios do «Primeiro concurso de cómics "Casa da Xuventude" de Ourense» que van para as mans de Xosé Grande Quinteiros e Calros Silvar. os premios seguirán convocándose cada ano desde entón. A Casa da Xuventude marca un fito cun decisivo apoio á historieta como elemento de expresión xuvenil. Baixo o seu seo nacerá o «Frente Comixario».

Xullo 1989. Sae en Santiago «Das Capital», revista de creación literaria e visual, subvencionada pola Consellería da Xuventude e o Concello de Santiago. Case a metade das súas páxinas son historietas.

Xullo-Agosto 1989. As «Xociviga» do Carballiño organizan a mostra «Cine e historieta galega», exposición itinerante ata o ano 1991, da que se edita un catálogo. Nas Xociviga ten lugar unha das máis importantes mesas redondas arredor da historieta galega.

Agosto 1989. En Ourense o «Frente Comixario» consegue sacalo primeiro número da súa revista, con dificultades e non moitas axudas oficiais.

Outubro 1989. A casa da Xuventude de Ourense organiza as «Primeiras Xornadas de Banda Deseñada». Miguelanxo Prado, Xan Comesaña, Dudi e o portugués Paulo Amorim falan da situación da historieta en Galicia.

17 de maio de 1990. «A Nosa terra» edita o monográfico «A banda do 17» con estudos, entrevistas e historietas galegas.

Xuño 1990. A asociación cultural Xiria organiza a «Primeira semana de Banda Desenhada» en Cangas. É, ata o momento, a exposición que contou con máis orixinais de debuxantes galegos.

Decembro de 1990. Celébrase no Porto o «Primeiro encontro luso-galaico de Banda Desenhada». Organiza o exemplar ComicArte da Comissao de Jovens de Ramalde (Porto).

Algúns artigos e entrevistas

«As penurias do cómic galego». Xavier Seoane. Cuaderno de Cultura de La Voz de Galicia. 16-maio-81.

«La creatividad en el cómic gallego». David de Prado. Cuaderno de Cultura de La Voz de Galicia, 29-12-83.

Entrevista a Yuma. Voz de Galicia, 29-2-84.

«Reimundo Patiño, a presenza dun novo mogor». Xavier Seoane. Cuaderno de Cultura Voz de Galicia, 7-3-85.

«Para lermos cómics». Agustín. F. Paz. Consellería de Cultura. X unta de Galicia. 1987.

Entrevista a Varela Ferreiro. Voz de Galicia 19- xullo -87.

«¡Hurra polo Frente Comixario!». Benito Losada. La Región, 29- 7 -89.

«Os debuxantes galegos de cómic revisan as dificultades». A.R.

López. El Correo Gallego, 2-8-89.

Entrevista a Miguelanxo Prado. Micki Bertuxo. Cadernos A Nosa Terra n/7. Majo 1990.

«Narrar con liberdade e poucos cartos». E.Galán. Cadernos A Nosa Terra n/7. Maio 90.

«Un cómic definido polas súas dificultades». Agustín. F. Paz.

Cadernos A Nosa Terra, n/7. Maio 1990.

Entrevista Miguelanxo Prado, Diario 16, 28-6-90.

«A actualidade dos fanzines galegos». Diario 16, 23-10-90.

Un diccionario da historieta galega

«A AMEIXA CACOFÓNICA». En Carballo chegaron a editarse catro números deste «fanzine» integramente dedicado á historieta, que rematou sendo revista de ampla tirada -para o que pode chamarse ampla neste tipo de publicacións- de difusión por toda Galicia e impresión «offset». «A primeira revista de cómic-sucedáneo-de Bergantiños» tivo un simpático espírito iconoclasta desde o primerio número (maio 83). O número 2 saíu no Nadal do 83, o terceiro en xuño do 85 e o último nos primeiros meses do 86. Cunha subvención do concello nestes dous últimos. Os seus mellores debuxantes: Alberto Varela Ferreiro, Cachú, Fefo e X. Díaz, coa colaboración de Carlos Silvar e Xaquín Marín. Na editorial do número 3 «A Ameixa» reivindicaba a cultura galega non oficial.

ANDRADE, XOÁN MANUEL. Bo debuxante e narrador, como o demostra «Herme» no especial de «Coordenadas» do 82.

ANDRÉS. Debuxante na onda de Ops e «El Hortelano». «A Ameixa» n/4.

ASENSI, JAIME. Debuxos con gran dominio da liña, a figura e a fantasía. Historietas no especial de «Coordenadas».

«A BANDA DO 17». Especial que «A Nosa terra» dedica á banda deseñada no Día das Letras Galegas do 90. Con entrevistas a Xaquín Marín e Miguelanxo Prado, artigos de E. Galán e A.F. Paz e historietas de X. Marín, Cubero, Héctor Real, Carlos Silvar, V. Tizón, Dudi, Manel, Tokio, Carballo, Gonzalo Vilas e Xan López Domínguez. Un comentario dun coñecido editor catalán: «Con este material poderían facer unha revista propia».

BARRO, PEPE. Deseñador que ten publicado historietas. De especial recordo as da revista infantil «Vagalume».

BERNAR. Colaborador de «ValiumDiez», «The terrible Sida», «Visi-tantes», «Parto».

BOFILL. No Faro de Vigo fixo tiras e tiras -chiste. No suplemento «A pizarra» debuxou o guión de Xesús Franco «Os homes do fin do mundo», que logo vería a forma de tres álbumes subvencionados pola Subdirección Xeral do Libro en 1985.

BRAYDA. Interesante e expresivo debuxante de «Dos azucarillos» no especial «Coordenadas», ó que 1030 volveremos ver en fanzines como «Berros» da Coruña.

CACHÚ. Parodia a Moebius, o Garaxe hermético e Little Nemo en «A ameixa cacofónica». Especialmente simpática a portada do número 2, na que choven ameixas sobre un pequeno peirao de madeira.

CALVO, J. A. Debuxante pontevedrés asiduo en «fanzines». No ano 84 publica na revista «Madriz».

CAMPOS, XESÚS («CHICHI»). Un dos mellores humoristas galegos que fixo historieta á súa maneira desde os tempos de «A cova das choias» .

«CAN SEN DONO». Revista de humor gallego, editada en Vigo por Pepe Carreiro, que tivo publicidade, edición e distribución case «normal». Saíron dez números nos anos 83 e 84 para reaparecer máis tarde de maneira esporádica. Ademais de ilustración, caricatura e o humor gráfico e literario publicou unha morea de historietas de Fran Jaraba, Chichi Campos, Calros Silvar, Xosé Lois, Varela Ferreiro, Gulín, Xosé Guillermo, Antonio, Xan López Domínguez, Oti, Lalo, Gogué, Xaquín Marín, Evaristo Pereira, Gonzalo Vilas, Forxán, Ramón Trigo e Pepe Carreiro.

CANGAS. Esta vila coñeceu a exposición colectiva de historieta galega máis ampla e representativa das feitas ata agora en Galicia. Na «Primeira semana da Banda Deseñada», organizada pola asociación cultural «Xiria» entre o 22 e o 30 de xuño do 90, exhibíronse orixinais de A. Bastos, M. A.

Carballo, Chalor, Xan Comesaña, Cubero, Dudi, Fausto, Fran Jaraba, X.C. López Domínguez, Xaquín Marín, Moxón, Paradelo, Reimundo Patiño, Carlos Portela, Miguelanxo Prado, Héctor Real, Robledo, Sardiña, Carlos Silvar, Tito, Tokio, Varela Ferreiro e Manel.

CAPAN. Debuxante persoal con recordos ó «ácido» e ó pop. Historietas no especial de «Coordenadas».

CARBALLO, MIGUEL ANXO. (1967). Debuxante ourensán, militante do Frente Comixario e parte contratante do colectivo «Pestiño». Influencias de Neal Adams, os debuxantes da Warren e do Metal Hurlant. «Migración», «Inseguridade cidadán», «Autopista ó inferno» e «Instinto animal», son algunhas das súas historietas. A última, feita coa axuda de Miguelanxo Charler, gañou o «V concurso de B.D da Casa da Xuventude de Ourense» en 1989.

CARREIRO, PEPE. Coñecido humorista e director de «Can sen dono» que fixo moitas incursións na historieta, evocando a autores diversos como Carlos Giménez («Moviola», Can sen dono n/I), Charles schulz («O galo Camilo», Suplemento «A pizarra», Faro de Vigo, Can sen dono), Altán («Contos da lareira de gas») e moitas outras, como «As covas do rei centolo» (Ideal Gallego).

CASA DAXUVENTUDE DE OURENSE. Institución, edificio e cousa entrañable que é como a nai e a escola de moitos historietistas ourensáns. Naceu en 1989 e co impulso de Benito Losada converteuse na única institución galega que coñezo que defendera a historieta como unha arte e un medio de expresión, animando ÓS rapaces a traballaren nela. Desde o ano 85 convoca uns célebres concursos de cómics, ampliados hai tres anos ata Portugal nun intento de irmandade coa historieta do país veciño. Desde a primeira edición, e dalgunha maneira, os premios sempre foron publicados, como aquela simpática separata de «La Región», tirada en papel prensa no ano 85. En 1986, cos segundos premios de B.D, revélanse bos e moi novos debuxantes: Héctor Real, Macaco, Robledo, Tokio e Miguelanxo Carballo. Tamén baixo o seu teito nacen os colectivos «Frente comixario» e «Pestiño».

CASCUDO, AURORA. Moza de frouxo debuxo pero fresca e simpática narrativa, o que lle valeu o terceiro premio do «IQ Concurso de cómics da Casa da Xuventude».

CATAMARCA. Debuxante emprendedor e tenaz que editou moitas das súas historias en fotocopias («Batume»). Os seus debuxos soñadores pódense ver tamén no especial de «Coordenadas» dedicado ó cómic galego.

«CINE E HISTORIETA GALEGA». Exposición e revista feitas especialmente para as «Xociviga-89» do Carballiño. Un exercicio de amor á arte veciña -e tan influínte- feito por dez dos mellores debuxantes galegos (Cubero, Dudi, Marín, Fausto, Silvar, López Domínguez, Varela Ferreiro, Xosé Guillermo, Fran Jaraba e Ricardo Lázaro). A exposición percorreu moitas cidades e vilas galegas. Durante as «Xociviga», algúns dos debuxantes mencionados máis enriba contrastaron opinións e bosquexaron a posibilidade de facer unha revista quincenal de cómics. «Historieta galega» estivo a punto de ser realidade, pero o cambio na administración arquivou o si para o proxecto.

O COIOTE. «Fanzine» vigués de variados contidos entre ejes historietas- coordinado por Xan Comesaña.

CLUBE COMICARTE. Boletín mensual que edita desde comezos do ano 89 a Asociación de Jovens de Ramalde no Porto. O boletín e o interese pola historieta do que dá proba a asociación portuguesa é, ademais dunha lección, un medio de comunicación e coñecemento entre autores galegos e portugueses.

«CÓMICO». Revista coruñesa «de luxo» editada (1984) a cores cunha tirada reducida. Os exemplares son hoxe carne de coleccionista. Historietas de Dudi, Carlos López, J.A. Calvo.

«A COVA DAS CHOIAS». Mítica publicación de principios dos setenta, tirada en Suíza e distribuída clandestinamente en Galicia. O coñecido como «Grupo de cómics de O Castro» foi, de moitas maneiras, o precursor desas misérrimas revistas que enchen os últimos vinte anos do cómic galego.

CUBERO. (1958). Debuxante ferrolán que é probablemente o máis orixinal que deu a historieta galega. O seu mundo de tenrura e disparate, de seres surreais e terroríficos fan únicas as historias e personaxes publicados en «Fat City», «El patito feo» «Portanova» «El Cucú» «Cine e historieta Galega» e «A banda do 17». Baixo as súas páxinas péchanse mil e un debuxos animados da infancia vistos en branco e negro. «Frascos de vitaminas», «Gustavo», «Oscar», « Tarzán» etc. «EL CUCÚ», En 1988 Cubero maquetou en Ferro' esta revista fotocopiada coas súas historietas «Santa Ana Beach», «Doctor Arturo», «Navidad», «Burguer Beach» e «Murciélagos», ademais de «Irmandiños» de Dudi.

CHALER, MIGUELANXO. (1966). Bo debuxante ourensán que deixa certo estilo Corben nos seus debuxos. «¡Oh vicio!», «EgoExilio», e «A mueca do monstro» son algunhas das historietas publicadas nas revistas do Frente Comixario.

DAS CAPITAL. Nace en Santiago no mes de xullo do 89, cunha axuda da Concellería de Xuventude do Concello de Santiago, e con distribución no resto de Galicia. O primeiro número leva historietas de Fausto e unha «antoloxía» de Fernando García Varela. Esta antoloxía dedicarase no número 2 (xaneiro 90) a Xaquín Marín. Magnífica a súa historieta en oito páxinas «O Fautista», o mesmo que «Hortensias» de Fausto e Ánxeles Sumai no número 1.

DAS PASTORAS. «O das pastoras», tal e como lle chamaban na súa Ribeira natal, deixou Galicia hai moitos anos. Xa traballando en Barcelona, para editores como Toutain e revistas como «Zona 84» ou «Comic internacional», amosou a vila e as xentes que coñeceu en moitas historietas e ata nun «bestiario» con nomes de amigos da xuventude como «Monchócalo». Historietas noutras moitas revistas profesionais do Estado como «El Víbora» ou «El Jueves».

Das Pastoras é un dos debuxantes máis persoais do cómic español. Na primeira etapa o movemento e os volumes das súas figuras estaban entre Richard Corben e Miguel Ángel.

DE LA VEGA. Publica no «Valium Diez» de Santiago: «A sonrisa da Gioconda» (n/7) e «Amor turbio» (n/6), recordando o estilo do «cómic-fotonovela».

DÍAZ, XAIME. Un dos habituais da «Ameixa Cacofónica». Divertida, surreal, aínda que non demasiado ben debuxada a historia «Pepe Carvalho de paso por Carballo» (n/3).

DUDI. Ferrol (1957). Historietas e tiras en «El patito feo», «Fat city»,

«Portanova» «El cucu» «Cómic-o» «Ferrol Diario» «El Correo Gallego», «Diario de Galicia», «Cine e historietas galegas», «A banda do 17». Influencias de Tardi e Hugo Pratt, sobre todo no contraste do branco coa mancha. Publicou a saga «In vita e in morte de Madonna Laura» («Patito feo» números 4,5 e 6). É autor dunha das series máis longas publicadas nun xornal galego: «Home sweet home» («Diario de Galicia», 142 tiras diarias, do 12-3 o 2-8 de 1988).

FACHO. Asociación cultural da Coruña que promoveu en 1979 o primeiro concurso de cómics en galego. Gañaron os primeiros premios Fran Jaraba, Xan López Domínguez, Siro e Calros Silvar.

FAT CITY. «Fanzine» ferrolán iniciativa de Marcial Cantero e Antonio Cubero. Só saíron dous números (decembro-82, abril 83) con historietas de Cubero e Dudi.

FAUSTO. (Catoira, 1961). Diseñador e debuxante que animou e maquetou dúas das revistas santiaguesas máis relacionadas co cómic: «Valium diez» e «Das Capital». Fixo tamén historietas dunha plancha para o suplemento xuvenil do «Correo Gallego» («O raposo do Pedroso») e rematou unha morea de historietas para « Tintiman», «Coordenadas», «A Nosa Terra» e outras publicacións. «As aventuras do profesor Carbonato» (3 álbumes, Xuntanza editorial), «Os viaxeiros do tempo» con guión de Urbano Fra, «Amor e pesadelos» (Cine e historietas galegas), «Hortensias» (Centro Dramático Galego) son o mellor da súa obra. Un traballo no que se nota o cariño polos debuxantes americanos e as historietas de «serie S» e de xéneros.

FERNÁNDEZ, J. Pertence ó grupo Barro-Imaxe. «Exótico» o traballo para un caderno de «Protección civil» (1988) con ilustracións de superhombres é máis propia dun «thriller» que dun manual.

FORTES, ANDRÉS. Traballador da canteira do «Frente Comixario». Influencias de Tha, Vaquer e «Johnny Roqueta». «Sepulturas célticas» (Primeiro concurso da Casa da Xuventude, 1985), «Follas no vento» (Revista «Frente comixario», novembro 1989).

FRAGOSO. Debuxante e ilustrador con moito dominio da liña. («Coordenadas» especial 1982).

FRENTE COMIXARIO. Colectivo altamente entrañable para todo aficionado galego á historietas. Tenaces, cunha media de menos de vinte e cinco anos e algún debuxante excepcional nas súas filas compostas por Francisco Paradelo, Tito, Chaler, Cesar Moreiras, Andrés Fortes, Héctor Real e «Pestiño», facción do comixario integrada por Miguel Anxo Carballo e Xosé Manuel Moxón. Os comixarios naceron ó amparo da Casa da Xuventude do Concello de Ourense. Publicaron na «Región», editan unha revista, fixeron unha ponte cos debuxantes portugueses e organizaron moitas xuntanzas con tódolos debuxantes galegos nas «Xornadas de B.D

ourensáns». Eles son todo o entusiasmo que pode haber tras unha historieta. Un taller, unha reserva, e o futuro, se é que existe, da historieta galega.

FEFO. Bo debuxante{ autor das tiras «Pexego» («A ameixa Caco-fónica){ historia antimilitarista con ecos a Mort Walker e Andy Capp.

FORXAN. (Negreira{ 1925). Debuxante e humorista que algunhas veces tocou a historieta: «Canis vulgaris» («Can sen dono» n/10).

GARCÍA V ARELA{ FERNANDO. Artista cunha curiosa forma de facer cómic. As «viñetas» feitas con «gouache»{ son máis ben cadriños. Publicou en «Valium diez»{ e «Das Capital» adicoulle un especial no seu primeiro número.

GENO. Debuxos expresionistas cun bo reparto da mancha, «Mordaces mordiscos mortales» (Valium diez numero 6)

GOGUÉ. Caricaturista que ocasionalmente fixo historieta («Can sen dono» ni 6).

GRANDE QUINTAIROS, XOSÉ. Debuxante moi bó e persoal cunha útil influencia de Moebius. Fixo interesante mestura do mundo rural (San Cibrán de Viñas, o seu lugar) co mundo marxinal en «As aventuras do Bicho» (1985), primeiro premio no concurso de cómics da Casa da Xuventude de Ourense. Estrañamente, as revistas e «fanzines» non voltaron saber del.

GUIEIRO. Clube xuvenil ourensán que xa ten once anos de existencia. Intimamente ligado á historieta, á Casa da Xuventude e mais ó Frente Comixario. Colaborou na edición de moitas publicacións e exposicións de cómics.

GULIN, MANOEL. Debuxante «cubista» que publicou a historieta «Virxinia» en «Can sen dono» (numeras 1 e 2).

HISTORIAS DE HISTORIETA. Un vello prdxecto deseñado por un grupo de afeccionados que nunca chegou a materializarse. Baixo a influencia de revistas como «El Globo», «El Wendigo», «Bang», «Troia» etc, pretendía ser unha publicación semestral sobre «estudios de historieta» na que tamén tería cabida a publicación de cómics galegos.

HISTORIETA. Ou cómic, ou Banda Deseñada, ou B.D, ou Historieta. Como chamala é o de menos.

HISTORIETA GALEGA. Outro proxecto abortado. Ideado a partir da reunión de debuxantes nas Xociviga de Carballiño no verán do 89. A Consellería de Cultura chegou a comprometerse verbalmente nunha subvención periódica para un suplemento de historietas que se publicaría nun xornal galego e con papel prensa. O proxecto incluía diñeiro para os debuxantes, e os organizadores contaban cun catálogo de quince colaboradores. As eleccións e o cambio institucional fixo naufraga-lo proxecto.

HORTAS, IGNACIO. Outro debuxante que xoga co surrealismo cotián. Cun estilo recoñecible. Historietas en «Valium Diez» («Yendo y Viniendo») e tiras no Diario de Galicia («Diario

íntimo», 1988).

IGLESIAS, FERNANDO. Moi novo debuxante de Vilagarcía que colabourou na revista do Frente Comixario, foi primeiro premio no concurso da Casa da Xuventude do 91 e estivo na exposición «Nuevas viñetas» del Instituto de la Juventud. Moitas influencias, pero cun virtuosismo fóra de dúbida.

JARABA, FRAN. (Pontevedra, 1957). Francisco Jaraba Bará é ilustrador e tamén un dos fundadores da revista de historietas «Xofre» (1979) con Miguelanxo Prado e X.L. Domínguez. Despois gañou o Primeiro concurso de cómics «O Facho». Colaborou en «Can sen dono», etapa na que publica «O ático do frenopático» en formato tira. En 1988 debuxou «A volta a Galicia en 40 pontes e media», álbum editado pola Autopista do Atlántico en colaboración coa Consellería de Cultura. «Flora» («Cine e historieta galega») é unha simpática versión de «Fedora» e «O crepúsculo dos deuses» de Billy Wilder.

LÁZARO, RICARDO. (Valga, 1953). Traballou na primeira etapa da revista infantil «Vagalume», para a que fixo unha das series máis completas da historieta galega: «Xanc e D'aina». En «Xofre» demostrou ser daquela o máis formado dos debuxantes co «Matha-Cans». Outras historietas en «Coordenadas» e «Cine e historieta galega». Os seus debuxos atópanse entre o pop e un amplo abano de debuxantes xuvenís europeos.

LÓPEZ DOMÍNGUEZ, XAN CARLOS. (Lugo, 1957). Co-fundador con Miguelanxo Prado e Jaraba de «Xofre». Dedicase habitualmente á ilustración infantil, terreo no que é un dos mellores debuxantes europeos (Premios Bratislava e Bolonia). Cun estilo moi formado (nos seus comezos seguiu a Quino, Tardi e Fontanarrosa), publicou historietas en «Can sen dono», «Coordenadas», «A banda do 17» («No camiño francés») e unha magnífica parodia do star-system en «Cine e historieta galega»: «Sei que O'Higgins empeza a estar cascadillo», probablemente unha das dez mellores de todo o cómic galego.

LOQUIS. Outro historietista con interferencias das artes máis «elevadas». Publicou en «Coordenadas», «Xofre» e tiras no «Correo Gallego».

LOSADA, BENITO. Coordinador da Casa da Xuventude. Sempre defendeu a historieta desde a súa parcela na Concellería de Ourense.

LUZES. Preclara revista galega na que publicou Miguelanxo Prado.

MACACO. Manuel Caride Conde é un debuxante ourensán que gañou o primeiro premio no «2Q concurso da Casa da Xuventude» (1986) coa historieta «Simón o salmón». Influencias dos debuxantes franceses da órbita de Moebius.

MARÍN, XAQUÍN. (Ferrol, 1943). O mellor humorista gráfico de Galicia publicou xunto a Reimundo Patiño («Así que

aconsellado por Patiño, decidín traballar no cómic») o álbum pioneiro «Dúas viaxes» (Ed. Brais Pinto, 1975). Resulta difícil resumir unha obra demasiado extensa para este espacio. Colaborou en tódolos proxectos relacionados coa historieta («Can sen dono»;/«Valium Diez», «Das Capital», «A ameixa cacofónica», «A banda do 17», «Cine e historieta galega». En «A Nosa Terra» fixo as estupendas «Historias de esmagados» (logo convertidas en álbum baixo o título «Dos pés á testa»). En tiras destaca «Gaspariño», primeiro en «El Ideal Gallego» e logo como álbumes para Edicións do Rueiro e Edicións Xerais. «Ratas» e « Todo polo cine» (Cine e historieta galega») son quizais os seus mellores traballos no ámbito da narrativa debuxada.

MARMOYER, BEGOÑA. Unha pintora que fai uns debuxos ó pastel que poderían ser nun abrir e pechar de ollos «viñetas» dunha historieta.

MOREIRAS, CÉSAR. (1963). Debuxante das barricadas do Frente Comixario. Historietas na revista do mesmo nome.

MOXÓN, XOSÉ MANUEL. Debuxante que desdobra a súa personalidade en dous colectivos «O frente comixario» e «Pestiño». Fixo unha historieta moi divertida cun bastardo «Indiana Xones».

LA NAVAL. Revista de órbita Atlántica editada na Coruña. Nela tamén se publicaron historietas.

A NOSATERRA. Desde sempre o semanario nacionalista publicou cómics dos autores galegos. Xaquín Marín, Gonzalo Vilas, Tokio, Varela Ferreiro e moitos outros desfilaron polas súas páxinas. O 17 de maio de 1990 saíu á rúa un especial («A banda do 17») dedicado á Banda Deseñada galega. Este caderno é, ata o momento, o máis importante documento ou resume da pequena e azarosa vida da historieta en Galicia.

OTI. Debuxante ferrolán do que poden atoparse historietas no «Patito Feo» número 2 («Metamorfose») e «Can sen dono» números 3 e 6. («Peón Negro» e «Fame»).

PADÚ. Publicou unha historieta excelentemente resalta a nivel gráfico no número 4 da «Ameixa Cacofónica». «Xeroglíficos» ten, por outra banda, unha clara influencia do debuxante francés Voss.

PARADELO, FRANCISCO. (Ourense, 1967). Artista pertencente ó Frente Cotnlxario.

PATIÑO, REIMUNDO. O home que falaba arameo publicou x unto con Xaquín Marín un álbum, «Dúas viaxes», que é un punto de referencia inevitable. De feito, para moitos é coa súa publicación cando comeza a historieta galega. A súa visión da historieta foi sempre demasiado intelectualizada e rigorosamente formulada sobre a estampa popular galega.

PATITO FEO. Revista «underground» editada en Ferrol desde xullo de 1982 deica abril do 84. Saíron seis números (do 0 ó 5) con historietas de Yuma, Oti, Cubero, Dudi e Xan López Domínguez.

PEÑA, SUSO. (Ribadeo). Veterano debuxante de cómics que desde moi novo traballou para o estranxeiro pero sen abandonar Galicia. Terror, ficción científica e publicacións institucionais enchen unha carreira profesional. Foi un dos debuxantes favoritos do editor Toutain e hoxe parece un pouco retirado do cómic.

PEREIRA, EVARISTO. Debuxou no suplemento escolar do Faro de Vigo e no «Can sen dono» numero 10.

PESTIÑO. Colectivo destacado no Frente Comixario, no que fan dobre xogo os axentes M.A. Carballo e Xosé M. Moxón. X untos editan e maquetan as revistas do Frente e tamén debuxan historietas (aínda que, ó final, os seus traballos estean ben diferenciados).

PORTA NOVA. Revista semanal ferrolá da que chegaron a saír nove números, o último editado en papel prensa. Nela aparecían tiras de Cubero e Dudi.

PORTELA, CARLOS. (Vigo, 1967). Publicou en diversos «fanzines» e tamén en revistas do Estado como Totem (ní 45 e 46) e Zona 84. Desde xuño do 89 a tira «Guinsy», feita en colaboración con Norberto. F. Serrano, saíu diariamente no Atlántico.

PRIMEIRO ENCONTRO LUSO-GALAICO DE HISTORIETA. Entre o 23 e o 30 de decembro do 1990 tivb lugar este encontro organizado polo ComicArte da Comissáb Qe Jovens de Ramalde ,(Porto). Ata o país veciño viaxaron debuxos de Fortes, Carlos Portela, Norberto Fernández, Chaler, Fausto e Héctor Real, entre outros.

PRADO, MIGUEL ANXO. Despois de poñer nas rúas a revista Xofre (co-creada con X.C.L. Domínguez e F. Jaraba) conseguiu colaborar cunhas sesenta tiras da «Orde da pedra» co xornal «La Voz de Galicia» (cousa bastante difícil). Ó pouco marchou para Barcelona e visitou ás editores cataláns.

Desde entán publicou en «Zona 84», «Cimoc», «Cairo», «El Jueves» e converteuse nun autor internacional (Francia, Italia, Alemania, Holanda e Dinamarca, entre outros, viron traducciáns das súas historietas). «Quotidiana Delirante» e «Fragmentos de la Enciclopedia Déléfica» son algúns dos seus álbumes. Comezou con influencias de Bilal e Moebius e agora ten un estilo propio e ben definido.

QUIQUE. Enrique Pereira é un excelente debuxante de «escola Disney». Un deses casos de inxusto abandono. Poucos coma el tiveron «tanta man» e tan poucas posibilidades de publicar.

REAL, HÉCTOR. (Ourense 1970). O máis novo dos debuxantes do Frente Comixario é outro caso de virtuosismo precoz. Con dezaseis ou dezasete anos gañou o segundo premio da Casa da Xuventude cunha boa historieta («Unha vida incompleta») que tiña influencias de Scaramuix. «Estou perdido» é unha boa historieta con resonancias «Warren factory» e Alex Toth. «Maxwel I Cunningham», publicada no especial «A banda

do 17», ten un nivel gráfico notable.

ROBLEDO, MIGUEL ÁNGEL. Membro do incansable colectivo «Frente Comixario». Unha boa historieta no Segundo concurso de B.D de Ourense («Recordos do 86»).

RODRÍGUEZ VILLASANTE. Protagonista dun curioso empeño: A historia da construción naval en historieta excelentemente documentada. Ignoramos se o proxecto chegou a ve-la luz.

SAAVEDRA PITA. Debuxante humorístico que colabourou en «Vagalume».

SALAS, ARMANDO. (Ortigueira, 1946). Debuxante profesional desde mediados dos anos sesenta. Salas é un esquecido pero grande innovador da tira en España cun fantástico sentido do gag. Publicou máis de 2000 tiras en catorce anos.

Sen moverse de Galicia traballa desde 1966 para Bruguera, a axencia pyresa e Ema III. Formou o seu estilo cunha mestura de Conti, Ibañez, Vázquez, Jan, Dick Browne e Gotlib.

Ademais de facelo nas revistas de Bruguera, publicou en «Bang», «El Globo», «Chiss», «Sunday», «Diez minutos». En Galicia fixo un traballo diario durante anos no Ferrol Diario.

Entre as súas series de tiras, algunhas publicadas en álbum, destacan «El Edén» (máis de 600), «El capitán malapata», «Don Nuño Matamoros (parodia de «El guerrero del Antifaz») « Tontinger» «La Bruja Merlina» «El Arca de Noé» «Pepe ladrillo», «Birriaman» e moitas outras.

SARDIÑA. Debuxos da «mala vida» en «Coordenadas» e «Valium Diez».

SEOANE, XAVIER. Deixou escrita e fixo por primeira vez unha clara exposición dos problemas da historieta galega: «...a inexistencia dunha estrutura industrial... así como dunha gran despreocupación da Kultur local tanto pola importancia comunicativa do cómic canto polos dignos e illados intentos...» (1981).

SERRANO, NOBERTO FERNÁNDEZ. Colabora con Carlos Portela en «Guinsy», tiras sobre un bebé fillo de 'yuppies' publicadas no «Atlántico». Debuxos en «Valium Diez» e «Das Capital», entre outros.

SILVAR, CARLOS. Ou Calros Silvar (co l e o r cambiados de sitio), tal e como acostuma asina-los seus debuxos. Naceu en Ferrol o ano 1954 e é un dos máis interesantes autores galegos.

Debuxou no especial de «Coordenadas», e en tódolos números de «Can sen dono» facendo gala dun notable sentido da liña. Colaborou cos rapaces de «A ameixa

Cacofónica» e tamén en «A Nosa Terra» e «Luzes». Foi premio no «Primeiro concurso de B.D de Ourense» e fixo unha simpática e virtuosa homenaxe ó negro Sam de Casablanca na exposición e revista «Cine e historieta galega».

SIRO. O coñecido caricaturista fixo algunha vez historieta («Catuxa» p.e) editando tamen o álbum «Castelao» en colaboración con Cubeiro e Mazaira. Os seus «Espidos de muller» mesmo teñen unha lembranza á historieta.

SSIWANA. «Fanzine» editado no Carballiño (número cero en agosto do 88).

TENREIRO, JAIME. Debuxante con claras influencias do «under» americano e boa utilización do contraste branco e negro. («Coordenadas» e «fanzines»).

TINTAZOS. Exótico «fanzine» sen data nin lugar de «impresión» (fotocopia). Corrosión fóra de toda dúbida e malos debuxos.

TITO. (Xerardo Diéguez, 1965). Gran dominio da liña, a perspectiva e os espazos abertos, como demostra a historieta «Conto» (número I de «Frente Comixario»). Influencias: Jeff Jones e Harold Foster.

TINTIMÁN. Revista «moderna» editada en Vigo. Historietas de Fausto e outros, entre demasiado luxo para estas terras.

TIZÓN, VICTORIANO. (Vigo, 1962). Historietas en «O coiote» e «A banda dos 17».

VAGALUME. Revista infantil galega editada a mediados dos anos setenta e ó longo de tres anos e dúas etapas. Nela publicaron Ricardo Lázaro, Saavedra Pita e outros debuxantes.

Aínda é un exemplo para aqueles que pensan que unha revista infantil tería hoxe unha boa repercusión na sociedade galega .

VALIUM DIEZ. O que comezou como un «fanzine» a fins do ano 83 rematou sendo unha boa revista de historietas. Editada en Santiago, contou coa colaboración de Sardiña, Fausto, Bernar, Álvaro De la Vega, García Varela e Nacho Hortas. O número levaba páxinas a cores de Fausto e estaba deseñado por Pepe Barro.

VARELA FERREIRO, ALBERTO. (Carballo 1963). Preto de Mique Beltrán e Will Eisner, este debuxante de Bergantiños ten, o mesmo que Fausto, unha clara orientación cara ás historietas de xénero e de «Serie B». Foi o «factotum» de «A ameixa cacofónica», gañou o concurso televisivo de historietas do programa « Tablón de Anuncios» con «O caso do cofre», pertencente á saga do seu coñecido personaxe, o detective «Xeixas Llohnson», que comezou as aventuras en «A ameixa cacofónica» para vivirlas despois en «Can sen dono».

«Mario enriba do armario» é outra das súas series coñecidas.

VIGO, M. A. Ilustrador e publicista que traballou en Coordenadas, Edicións Xerais e Diario de Galicia.

VI LAS, GONZALO. (1964). «Can sen dono», «Correo Gallego», e «A Nosa Terra» son algunhas das publicacións nas que colaborou este debuxante pouco dado a idealizar nos seus debuxos e cunha persoal retranca e sentido do humor.

XOFRE. En maio de 1979 sae á rúa unha revista de historietas editada por tres estudantes: Xan López Domínguez, Fran Jaraba e Miguel Anxo Prado. Este último cunha longa historieta medieval e claro apoio dos debuxos de Esteban Maroto. Loquis e unha excelente historia de Ricardo Lázaro completaban a revista, que tivo bastante apoio na prensa como «A primeira revista galega de cómics».

XORNADAS DE BANDA DESEÑADA. Desde 1989 a Casa da Xuventude de Ourense e o «Frente Comixario» organizan cada mes de outubro unha especie de semana sabática da historieta. Concurso de cómics, mesas redondas, exposicións, encontros entre tódolos debuxantes galegos (bastante «colegas» entre eles, aínda que iso non é moi frecuente no mundo dos debuxantes de cómics) e outras actividades enchen cfnha manifestación que logo continuou en Cangas a asociación «Xiria». Nas primeiras xornadas de Ourense tivo lugar unha mesa redonda (Miguel Anxo Prado estaba entre os relatores) na que se falou longo das pequenas miserias da historieta galega.

XOSÉGUILLERMO. (1947). Pintor que é autor dunha das series de máis grato recordo da historieta galega: «Pelouro na era loganítica» publicada en «Can sen dono». Tamén estivo na mostra e revista «Cine e historieta galega», organizada e publicada polas «Xociviga» do Carballiño.

YUMA. (José Manuel Otero Amoedo, Ferrol, 1958). Un gran debuxante e técnico adicado á publicidade con historietas en «Ferrol Diario» e «Patito Feo».